IES MARÍA CASARES **Departamento de Debuxo**				2024-2025
MATERIA	**EXPRESIÓN ARTÍSTICA**			
CURSO	**4º ESO**	HORAS SEMANAIS	3	

BREVE DESCRICIÓN DA MATERIA

A materia pretende profundar na experimentación coas principais técnicas artísticas e o desenvolvemento da capacidade expresiva e da creatividade do alumno. Busca dar ao alumnado os coñecementos, destrezas e actitudes para comunicar a través da expresión artística.

CONTIDOS

Ordénanse ao redor de 3 bloques:

- Bloque 1. «Técnicas gráfico-plásticas», coñecer e usar as técnicas artísticas, aprendendo a seleccionar aquelas que resulten máis adecuadas aos seus propósitos expresivos: as técnicas máis habituais no debuxo, na ilustración e na pintura, técnicas básicas de estampaxe e técnicas de modelado e de creación de volume.

- Bloque 2. «Fotografía, linguaxe visual, audiovisual e multimedia», profundar nas aprendizaxes sobre linguaxe narrativa e audiovisual . Traballar o proceso de creación, deseño de proxectos, a análise crítica da linguaxe publicitaria e de consumo.

- Bloque 3. «Debuxo técnico aplicado ás artes plásticas e ao deseño» dotar ao alumnado dun instrumento eficiente para comunicarse de maneira gráfica e obxectiva, para expresar e difundir ideas ou proxectos de forma coherente , así como para desenvolver a súa visión espacial.

METODOLOXÍA

Ao ser unha materia práctica a adquisición das competencias por parte do alumno faranse a través de traballos prácticos, traballos de investigación, exposicións.

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE
Probas escritas ou orais :	0 %
Outros instrumentos de avaliación. - **Participación activa en clase: 10%.** Actitude correcta en clase, demostrar interese pola materia, asistir con normalidad e e participar ñas actividades.	10%
- **Traballo de aula 80%.** Traballos prácticos: 40%, realizar correctamente as actividades prácticas, asimilando os contidos, aplicando correctamente as técnicas el e procedementos e ofrecendo respostas creativas e orixinais. **Traballos escritos: 40%,** realizar as actividades e proxectos escritos usando a terminoloxía propia da materia, unha redacción coherente e unha boa presentación. As faltas de ortografía penalizarán -0,05/10 na nota do traballo.	80%
- **Exposición oral: 10%.** Preparar a exposición oral, expresarse correctamente e con coherencia, usar tecnoloxía apropiada de materia.	10%
TOTAL AVALIACIÓN	100%

NOTA MEDIA AVALIACIÓN ORDINARIA. Será a **media aritmética das tres avaliacións trimestrais obtidas.**

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA. O alumno deberá **recuperar as partes non superadas de cada un dos bloques** de contidos.

VINCULACIÓN CON ESTUDOS POSTERIORES

- Calquera dos Ciclos Formativos de Grao medio da familia de Artes Plásticas e Deseño, y Artesanías.
- Bachareato artístico.